

## **ÁS PORTAS DUNHA NOVA ETAPA. MODERNIZACIÓN E CONVERXENCIA DA ECONOMÍA GALEGA**

JULIO FERNÁNDEZ GAYOSO  
Caixavigo e Ourense

*Recibido:* 26 abril 2000  
*Aceptado:* 15 xuño 2000

Unha rápida ollada á situación da economía galega nos albores do século XXI, resultado dos acelerados avances das últimas décadas e do espírito de integración no novo contexto europeo que rexe as decisións dos seus principais axentes sociais, xustifica unha lectura esperanzadora da súa previsible evolución nos próximos anos, nos que se acelerará o proceso de ruptura dos tradicionais tópicos de illamento e atraso que Galicia sufriu como condicionantes limitativos da súa capacidade de desenvolvemento. Actualmente, Galicia atópase en plena fase expansiva, rexistrando crecementos do seu produto interior bruto en taxas que superan o 4%, en todo caso maiores ás obtidas polo conxunto do Estado, o que resulta especialmente significativo á hora de avaliala tendencia converxente coas economías do seu contorno.

A análise desta traxectoria, avalada pola súa pertenza á zona euro –o que a dota dunhas perspectivas de estabilidade e de apertura exterior ata agora descoñecidas–, ha de fuxir dos datos puntuais do comportamento expansivo de sectores que no pasado exercicio actuaron de motores da actividade e que están suxeitos a claras evolucións cíclicas, como o da construción residencial, que está coñecendo máximos históricos na súa actividade, ou o sector servicios, impulsado polo éxito da promoción de Galicia como destino turístico con gallo da celebración do Xacobeo 99.

No transcurso da súa historia recente, Galicia deu mostras abundas da súa capacidade para superar folgadoamente o reto da súa constante adaptación ós profundos cambios que en ámbitos moi diversos presentou o contorno, como a rápida absorción dunha cultura social máis globalizada; a integración política nun espacio supranacional, coa conseguinte eliminación de barreiras dentro dos límites do novo mercado doméstico; ou a adopción do euro, coa conseguinte reformulación da posición do mapa financeiro galego. Todo isto, ademais, favorecido por un clima responsable de colaboración institucional, caldo de cultivo indispensable para o acoetemento de proxectos cunha visión estratéxica a longo prazo, como se pode apreciar, por exemplo, en recentes iniciativas como o Proxecto de Investigación Galicia 2010, que permitirá un coñecemento profundo da realidade multidisciplinar da nosa comunidade.

Entre estas metas, merecen unha mención especial aquelas que constitúen a base para garanti-lo mantemento dun desenvolvemento sostido da economía galega e que se poden resumir en cinco ámbitos xerais: a) a plena integración e aproveitamento do novo contorno político europeo; b) a dotación de modernas infraestructuras de comunicación; c) o incremento da cualificación dos recursos humanos; d) o desenvolvemento dun armazón de servicios para a actividade empresarial; e e) o afondamento na potenciación dos vínculos co norte de Portugal, dándolle corpo a unha das euronrexións con maior potencial de crecemento.

En canto ós beneficios derivados da pertenza á Unión Europea e ó proxecto euro, a cualificación de Galicia como rexión obxectivo 1 da política de cohesión, ó non alcanza-la súa renda per cápita o 75% da media europea, permite esperar unha inxección de fondos comunitarios superior ó billón e medio de pesetas nos próximos sete anos, o que facilitará a execución dos programas de adaptación a un contorno competitivo con novos referentes de dimensión e cultura. Paralelamente, a pertenza á zona euro, co que significa de garantía de estabilidade monetaria e de identificación cunha área cunha forte imaxe de calidade de cara a terceiros países, abre unha infinidade de oportunidades de expansión á produción galega.

O esforzo levado a cabo na mellora das infraestructuras de transporte vese recompensado coa pronta culminación da rede de autovías que, enlazando os principais núcleos da comunidade entre si e a estes coa meseta, favorecen o desenvolvemento endóxico e a expansión exterior dos sectores productivos galegos, reducindo custos de transporte e rompendo a barreira xeográfica que desanimaba as relacións comerciais e as decisións de investimento directo. Esta actuación vese complementada cos investimentos previstos para mante-lo nivel competitivo dos portos e aeroportos galegos, principalmente ante a alternativa que representa a oferta lusa, e pola busca de opcións que desemboquen na urxente solución que require a rede ferroviaria galega. A súa modernización resulta clave no desenvolvemento industrial da comunidade e pasa, necesariamente, pola conexión cos grandes núcleos nacionais a través da alta velocidade.

Paralelamente, mediante a instalación de redes RDSI e mediante a constitución de sociedades de iniciativa privada para o achegamento do cableado de fibra óptica, primeiro ás principais cidades galegas e máis tarde a toda a comunidade, están dándose os pasos necesarios para dispoñermos axiña das autoestradas da información, que farán posible a eficiente incorporación e explotación de novas tecnoloxías nos procesos productivos.

Noutra orde de cousas, Galicia alcanzou unha ampla oferta educativa de nivel técnico e superior, que dota dunha elevada cualificación ó capital humano da comunidade. Neste sentido, cómpre destaca-lo desenvolvemento experimentado polas tres universidades galegas –tanto por materias impartidas como por número de proxectos de investigación–, así como a posta en marcha de proxectos que dotarán ós seus campus cos máis modernos medios para a formación integral dos estudantes, na liña dos máis destacados centros internacionais. A ruptura da tradicional desconexión entre os centros de formación e o mundo da empresa supuxo outro dos

grandes cambios de mentalidade que non tardará en da-los seus froitos, optimizando a capacidade e eficiencia na incorporación da mocidade ó mundo do traballo, facilitando a reciclaxe dos excedentes laborais, e, en resumo, aproximando as realidades de oferta e demanda de emprego.

O cuarto grande alicerce no que se apoia a aposta pola modernización de Galicia é a creación de importantes focos de infraestrutura empresarial que, concentrándose principalmente no eixe Ferrol-Vigo, non descoida o deseño de múltiples parques empresariais por toda a xeografía galega, ben comunicados e dotados de tódolos servizos básicos. Deste xeito, estes parques empresariais farán da nosa comunidade unha alternativa competitiva para o destino do investimento directo e sentarán os cimentos para a promoción da actividade empresarial, reforzada pola constitución de clusters sectoriais, pola busca de sinerxías, pola posta en marcha dun parque tecnolóxico con grandes expectativas de desenvolvemento ou polo fortalecemento do sistema financeiro autóctono, de modo que se garantan uns niveis axeitados de investimento na comunidade e de iniciativa para apoiar todos aqueles proxectos cun elevado valor engadido que liguen o noso tecido productivo con novos esquemas de futuro.

Por último, o éxito das relacións institucionais, comerciais e culturais co norte de Portugal deu lugar a unha área transfronteiriza de gran proxección que, cunha poboación de arredor dos seis millóns de habitantes, leva camiño de se converter nun dos máis destacados focos de atracción de actividade na Europa dos vindeiros anos.

Todo iso permitirá a eliminación ou redución dos efectos dos posibles factores adversos que ameacen o desenvolvemento e maila plena integración no ritmo europeo da economía galega, como o elevado peso relativo do sector primario, o progresivo avellentamento da poboación ou o escaso esforzo investidor en I+D e, ó tempo, favorecerá o sostemento dun ritmo de crecemento económico superior ó da media do noso marco de referencia, única vía de alcanza-los obxectivos de converxencia real de Galicia coa Unión Europea. Hoxe en día, e a pesar do importante avance de 7 puntos rexistrado no último decenio, Galicia aínda se atopa en torno ó 72% da media dos quince Estados da Unión, en canto a PIB por habitante. Igualmente, o avance nos campos citados levará a unha paulatina corrección das taxas de paro na comunidade, que, no terceiro trimestre do ano 1999, xa se situou catro puntos por baixo do nivel alcanzado no 1994, data da que parte a actual fase expansiva do ciclo.

Como resumo, pode afirmarse que a economía galega de inicios do século XXI está adecuadamente encarreirada nun sendeiro de crecemento e converxencia cos niveis óptimos que constitúen o seu referente en Europa, sempre e cando se afonde no esforzo investidor en investigación, en adaptación de novas tecnoloxías, en formación do seu capital humano e na constante busca de oportunidades que, no tocante ó acceso de novos mercados, ofrece a súa pertenza á zona do euro.